

A comisión reunirse sempre que sexa necesario para o seguimento do convenio.

Esta Comisión será a encargada de resolver cantas cuestións poidan formularse durante a vixencia do mesmo, derivadas de posibles discrepancias en canto á súa execución ou interpretación dos acordos.

CLÁUSULA NOVENA. Modificación e denuncia

O convenio poderá ser obxecto de modificación ou denuncia ao longo da súa vixencia, por acordo unánime das partes asinantes, calquera das partes poderá denunciálo ao través de comunicación a outra parte con polo menos 2 meses de antelación á data na que teña previsto finalizar a colaboración, previa tramitación preceptiva e informe favorable dos órganos competentes da Deputación da Coruña.

En ambos os dous casos, modificación ou denuncia, deberán finalizarse tarefas iniciadas.

CLÁUSULA DÉCIMA. Publicidade

Na publicidade que calquera das partes asinantes realice das actuacións derivadas do presente convenio (publicacións, carteis, etc) farase constar expresamente que estas se levan a cabo en virtude de este, coordinando co servizo que corresponda da Deputación da Coruña as demais accións de información que se acorden polas partes.

CLÁUSULA DECIMO PRIMEIRA. Extinción e resolución

Ademais de polo cumprimento das actuacións que constituíren o seu obxecto, o convenio extinguirase por calquera das seguintes causas de resolución:

- O acordo unánime de todas as partes asinantes.
- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte de algunha das partes asinantes.

En este caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumplidora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requirimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e se entenderá resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá supoñer a indemnización dos prexuízos causados atendendo ao valor económico das obrigas deixadas de cumprir.

- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

A finalización ou resolución do convenio dará lugar á liquidación de este, con arranxo ao disposto no artigo 52 da Lei 0/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

A extinción do convenio suporá o cese das actividades contidas no mesmo.

CLÁUSULA DÉCIMO SEGUNDA. Vixencia

O presente convenio terá vixencia dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026

CLÁUSULA DÉCIMO TERCEIRA. Normativa aplicable e xurisdición

Este convenio está suxeito ás normas de dereito público que regulan a actuación administrativa xeral das entidades locais, en particular a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRJSP), a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP) pola organización do evento e a Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común, ademais das Leis de orzamentos anuais e Lei Xeral orzamentaria para a correcta imputación do gasto.

Para a resolución de cantas controversias se podan suscitar entre as partes en canto a efectos, interpretación, modificación, resolución ou cumprimento do aquí convido, establécese o sometemento expreso á xurisdición contencioso-administrativa, dada a súa natureza administrativa.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por resolución de presidencia 6706 de data 13 de febreiro de 2026.

E en proba de conformidade, asinan en exemplar duplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O REPRESENTANTE DA
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

A REPRESENTANTE DA FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE PROFESIONALES
DE LA FOTOGRAFÍA Y DE LA IMAGEN (FEPFI)

Asdo. Xosé Penas Corral

Asdo. Ana María Álvarez Rial

A SECRETARIA XERAL EN FUNCIÓNS
DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Asdo. Paula María Vázquez Carrasco



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

Número 21 /2026

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE PROFESIONALES DE LA FOTOGRAFÍA Y DE LA IMAGEN (FEPFI) PARA A ORGANIZACIÓN DO EVENTO DE CALIFICACIÓNS 2026 E DA GALA DE ENTREGA DE PREMIOS

Na Coruña, a 16 de febreiro de 2026 na sede da Deputación Provincial da Coruña

Ante min, Paula María Vázquez Carrasco, Secretario Xeral en funcións da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante

REUNIDOS

Dunha banda, Don Xosé Penas Corral, representante da Deputación Provincial da Coruña,

Doutra banda, Dona Ana María Álvarez Rial, representante da Federación española de profesionales de la fotografía y de la imagen (en adelante FEPFI), actuando en nome e representación da devandita federación.

EXPÓNEN

PRIMEIRO

O artigo 36 de la Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (en adelante LRRL), di no seu apartado primeiro que son competencias propias da Deputación ou entidade equivalente as que lle atribúan neste concepto as leis do Estado e das Comunidades Autónomas nos diferentes sectores da acción pública, e enumera a continuación aquelas que exercerán en todo caso. Concretamente o apartado d) do dito precepto lles atribúe a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito.

A Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público, no seu artigo 47.1 define legalmente o convenio no ámbito administrativo.

"Son convenios los acuerdos con efectos jurídicos adoptados por las Administraciones Públicas, los organismos públicos y entidades de Derecho público vinculadas o dependientes o las universidades públicas entre sí o con sujetos de Derecho privado para un fin común"

Sen prexuízo da mencionada finalidade de interese común que perseguen (artigo 47.1 LRXSP) esta norma prevé tamén no seu artigo 48.3 que a subscrición de convenios:

"Deberá mejorar la eficiencia de la gestión pública, facilitar la utilización conjunta de medios y servicios públicos, contribuir a la realización de actividades de utilidad pública y cumplir con la legislación de estabilidad presupuestaria y sostenibilidad financiera"

Igualmente, a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (en adelante, LALG), no artigo 109.1 establece como competencia propia das Deputacións Provinciais, no apartado d) en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

SEGUNDO

Que a Federación española de profesionales de la fotografía y de la imagen, con CIF G50557735, é a entidade representativa de referencia do sector fotográfico e audiovisual profesional en España, fundada hai máis de dúas décadas co propósito de impulsar a excelencia, a calidade e o recoñecemento profesional da imaxe.

Que o "Evento de Calificacións e gala de entrega de premios 2026" é a cita máis importante e emblemática da FEPFI, un sistema profesional de avaliación de obras fotográficas e audiovisuais que funciona como ferramenta de formación, recoñecemento e promoción do sector, non como concurso competitivo.

Que este evento conta cunha moi salientable participación de profesionais do norte de España, especialmente de Galicia, e que os profesionais da provincia da Coruña veñen destacando nos últimos anos pola súa alta calidade, obtendo importantes recoñecementos en certames nacionais e internacionais.

Que a Deputación Provincial da Coruña considera estratéxico acoller este evento no ano 2026 por razóns de prestixio institucional, promoción do territorio baixo a mensaxe «A Coruña Provincia, A Paisaxe que sabe» e polo fortalecemento da imaxe da provincia como destino cultural e profesional. A maiores consideramos que esta colaboración está aliñada cos obxectivos da área de turismo polos seguintes aspectos:

Diversificación da Oferta Turística

- Promove o turismo de congresos e eventos profesionais
- Complementa a oferta turística tradicional con eventos especializados
- Demostra capacidade de acollida de eventos técnico-profesionais

Desestacionalización

- O evento celébrase en febreiro, mes de baixa ocupación
- Contribúe a equilibrar a actividade turística ao longo do ano
- Xera emprego no sector en tempada tradicionalmente baixa

Apoio ao Tecido Profesional Local

- Facilita a participación de fotógrafos e videógrafos galegos
- Promove o intercambio profesional e a formación
- Fortalece o sector cultural-creativo da provincia

Visibilidade

- Retransmisión en streaming da Gala de Premios
- Difusión nas redes sociais e canles tamén de todas as persoas asistentes
- Cobertura en medios especializados do sector

A decisión de colaborar debe entenderse no marco dunha **política de apoio diversificado** a eventos de diferente escala e alcance, onde este tipo de certames profesionais teñen o seu espazo como complemento á oferta turística e cultural da provincia.

Cremos, por todo isto que vai ser un evento de grande impacto mediático é un evento único que non se realizou nunca na provincia da Coruña nin existe nada similar , a colaboración responde a unha estratexia coherente de apoio a eventos profesionais de calidade, con impacto económico directo positivo e aliñada cos obxectivos da área de turismo da Deputación.

Que ambas as partes desexan formalizar unha colaboración para a organización do ****Evento de Calificacións e gala de entrega de premios 2026****, que se celebrará na Coruña os días 20, 21 e 22 de febreiro de 2026 (con traballos preparatorios desde o 18 de febreiro), conforme ao Protocolo Organizativo que se incorpora como Anexo I.

ACORDAN

CLÁUSULA PRIMEIRA. Obxecto

Regular a colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a FEPFI para a organización, promoción e realización do Evento de Calificacións 2026 en A Coruña.

CLÁUSULA SEGUNDA. Compromisos da FEPFI

- A FEPFI comprométese a:
- 1.- Trasladar o Evento de Calificacións 2026 á provincia da Coruña como sede oficial.
 2. - Ceder á Deputación da Coruña a participación conxunta na marca do evento e nos dereitos de comunicación como entidade organizadora.
 3. - Mencionar á Deputación da Coruña de forma visible como organizadora de forma destacada en toda a comunicación do evento (durante a celebración e posterior) e en todos os soportes promocionais.
 4. - Incluír de maneira activa a mensaxe institucional «A Coruña Provincia, A Paisaxe que sabe» nas súas comunicacións relacionadas co evento e promover os valores turísticos e culturais da provincia.
 - 5.- Organizar a gala final de entrega de premios, xestión do espazo para a gala e gastos da cea, cocktail e traslado de asistentes á mesma.
 - 6.- Difusión en redes socias de todo o evento
 - 7.- Entregar, unha vez finalizado o evento e nun período máximo de 15 días, unha memoria que acredite a efectiva realización do evento e as actividades realizadas e que se recollan os seguintes aspectos (como mínimo) cos seguintes indicadores:

Indicador	Método de Verificación
Pernoitas xeradas	Datos proporcionados polo hotel
Comensais en eventos	Rexistro de asistentes
Alcance en redes sociais	Análise de mencións e etiquetas
Satisfacción dos asistentes	Enquisa post-evento
Cobertura mediática	Seguimento de medios

- A entidade debe aportar:
- a) Unha relación clasificada de gastos realizados na que se indiquen os acredores, NIF e importes.
 - b) A obriga do cumprimento dos requisitos de publicidade (establecidos na cláusula segunda)
 - c) A acreditación de cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, ou autorización para a súa consulta.

CLÁUSULA TERCEIRA. Compromisos da Deputación Provincial da Coruña

- A Deputación comprométese a:
1. Actuar como entidade organizadora principal a través da súa Área de Turismo, compartindo a marca coa FEPFI.
 2. Xestionar e asumir economicamente os contratos detallados no cadro orzamentario que se incorpora como cláusula cuarta, por un importe total máximo de ****57.737,20 €**** (cincuenta e sete mil setecentos trinta e sete euros con vinte céntimos).
 3. Participar con máxima relevancia en todos os actos institucionais e públicos do evento (acto de apertura, entrega de distincións, clausura...), coa presenza do Presidente/a, Vicepresidente/a ou persoa delegada.
 4. Facilitar os espazos e infraestruturas necesarias na cidade da Coruña e coordinar a loxística básica coa FEPFI.

CLÁUSULA CUARTA. Financiamento-gastos que asume a Deputación da Coruña

A achega económica total da Deputación Provincial da Coruña ao evento ascende a un máximo de **57.737,20 €**, na partida orzamentaria **0510/4314/22602** onde existe crédito dabondo por bolsa de vinculación xurídica, conforme ao seguinte detalle:

Concepto	Importe
Alugamento de 3 salas	13.825,00 €
Aloxamento a pensión completa e media pensión (segundo necesidades solicitadas) de, como máximo, 52 persoas por noite dende o 18 ao 22 de febreiro de xuíces e persoal de apoio FEPFI.	25.462,20 €
Coffee Break (4 días para 25 xuíces e 4 días para 100 asistentes)	3.950,00 €
Desprazamentos en medios de locomoción públicos	5.600,00 €
Loxística e alugamento de equipamento	5.000,00 €
Trofeos, diplomas e pins/entrega de recoñecemento de méritos de calificacións	2.500,00 €
Streaming	1.400,00 €
Total máximo	57.737,20 €

CLAÚSULA QUINTA Financiamento-gastos que asume a FEPFI

CONCEPTO	IMPORTE
Cea da Gala, alugueiro do espazo e traslado de asistentes á cea	10.090,00 €
Suministro de dous tv para visionado de obras	800,00 €
Axencia de comunicación para difusión do evento	2.600,00 €
Impresora láser e lector código QR	500,00 €
Estruturas para montaxe de exposición fotográfica	2.220,00 €
Decoración (incluíndo telas)	800,00 €
Premios FEPFI	980,00 €
Gastos de transporte en vehículos privados	1.000,00 €
Traslado de materiais a nova sede	1.500,00 €
Importe total	20.490,00 €

CLÁUSULA SEXTA. Comprobacións

A Federación española de profesionales de la fotografía y de la imagen (FEPFI) deberá someterse ás actuacións de comprobación a efectuar polo órgano competente ou entidade colaboradora no seu caso, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, proporcionando canta información lle sexa requirida no exercicio das ditas actuacións.

Sen prexuízo da comprobación documental da acreditación e xustificación da execución das actividades establecidas no presente convenio, a Deputación poderá realizar cantas actuacións materiais e formais estime convenientes para a comprobación da axeitada xustificación, a realización do seu obxecto e o cumprimento das condicións a que estean suxeitas as mesmas, Ditas actuacións de comprobación será realizadas mediante o procedemento de control financeiro exercido pola Intervención Xeral ao través do Servizo de Fiscalización e Control Financeiro desta Deputación.

CLÁUSULA SÉTIMA. Protección de datos persoais

En cumprimento do previsto no Regulamento (UE) 2016/679 de 27 de abril de 2016 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (RXPD) e na lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, a Deputación da Coruña e a Federación española de profesionales de la fotografía y de la imagen (FEPFI) actuarán ambos como responsables do tratamento dos datos deste convenio, cada un nas súas funcións respectivas.

Así mesmo, a entidade deberá cumprir co disposto no Real Decreto Lei 14/2019 de 31 de outubro, polo que se adoptan medidas urxentes por razóns de seguridade pública en materia de administración dixital, contratación do sector público e telecomunicacións.

CLÁUSULA OITAVA. Seguimento

Créase unha Comisión Técnica Mixta, coa finalidade prevista no artigo 49 apartado f) da Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime Xurídico do sector público, especialmente para a coordinación e o seguimento das diferentes actuacións desenvolvidas ao amparo do presente Convenio que estará constituída por:

- Unha persoa representante de Deputación Provincial da Coruña
- Unha persoa representante da Federación española de profesionales de la fotografía y de la imagen (FEPFI)